

Yolanda Castaño

En primeiro lugar gustaríame dar as gracias, de corazón, a todas as institucións e tamén aos particulares –moi especialmente a Antonio Pedrós– que puxeron tanta ilusión e empeño na organización destas xornadas, así como por terme dado a oportunidade de envorcar os puntos de vista de quen é non tanto unha crítica senón unha creadora, aínda que unha creadora, iso si, de cheo inmersa no sistema literario galego e que aquí hoxe intentará esbozar un panorama da máis nova poesía, aínda a forza de pecar de subxectividade e *impresionismo*. Pero non quixera eu ser demasiado protagonista deste relatorio, e para iso e para que aquilo do que falo poida palpase máis sensibelmente e dunha maneira máis concreta, quixera traer aquí o eco das voces dalgúns dos meus compañeiros e compañeiras, a través dalgúns versos que poidan representalos alomenos minimamente.

214

Quixera comezar declarando a excelente saúde que na actualidade vive a poesía feita en galego en xeral: moi disímiles xeracións, estilos e rexistros poéticos que, convivindo nun mesmo tempo e nun mesmo espacio, van conformar unha rica polifonía valiosa precisamente pola súa fértil heteroxeneidade. Están por un lado poetas maiores, da xeración de Méndez Ferrín –candidato ao premio Nobel–, Manuel María, Luz Pozo ou Bernardino Graña, grandes glorias sobresalientemente activas na actualidade. Séguenos certos poetas que serven de enlace pero que non foron tomados pola crítica como grupo xeracional propiamente dito; son aqueles poetas que hoxe contan arredor de 50 anos de idade e entre os que podo citar, por poñer un exemplo, a interesante voz dun Cesáreo Sánchez. A seguinte sería a moi laureada *xeración dos 80*, xeración que está producindo neste momentos moitos dos seus froitos de maior calidade, xeración integrada por nomes de primeira liña como o de Miguel Anxo Fernán-Vello –presente nestas Xornadas–, Xosé M^a. Álvarez Cáccamo, Pilar Pallarés, Claudio Rodríguez Fer ou Ramiro Fonte. É xusto a continuación onde hai que situar esta última promoción de poetas galegos da que máis detalladamente me vou ocupar. Denominacións baralladas pola crítica foron “xeración dos 90” o “Nova poesía galega”, o tempo dirá se estas ou outras chegan de veras a consolidarse como *membretes* prácticos. Xunto a isto, non hai que esquecer a un bo número de poetas que non foron susceptíbeis de seren

encadrados en xeración ningunha, pero que en moitos casos tiveron tamén unha influencia notábel en obras posteriores e contemporáneas.

Pero no camiño cara a todo isto voume deter un pouco máis, aínda que o faga simplemente esbozando unhas liñas moi básicas acerca da máis recente historia da poesía escrita en galego, para aqueles que non tivesen demasiado contacto con ela.

Durante a década dos 70, triunfaba en terras galegas unha veta poética que facía a súa bandeira da denuncia social e política filla do réxime franquista. Era o coñecido como *socialrealismo*, que se ben fora merecidamente elevado da man de Celso Emilio Ferreiro, acabando a década empezaba xa a dar voltas sobre si espremendo as súas últimas esencias, ata chegar a esgotarse en canto a froitos de autenticidade e calidade literaria. Público e crítica demandaban algo novo. Foi entón cando, no inicio dos anos 80, empezaron a xurdir un grupo de poetas novos que traían por fin unha renovación para a lírica galega: os *temas eternos* da poesía eran agora tratados cun traballado revestimento formal non exento de certa sofisticación e culturalismo. Unha publicación conxunta cunha segunda entrega –*De amor e desamor* I e II– e a vinculación de boa parte deles á cidade da Coruña contribuíron a consolidalos; isto, unido a unha antoloxía do grupo xa no ano 86, converteunos nunha xeración aclamada polo público e consagrada pola crítica. Sen embargo, o maior *activismo* protagonizado por esta xeración dos 80, canalizado especialmente a través dun grande interese polo recital ou lectura pública de poemas, desenvolveuse ao longo da primeira metade da década dos 80, mentres que na segunda se vivía un *impasse* tamén a nivel de certames, actos literarios e mesmo publicacións. É xusto a continuación cando van ir xurdindo novos nomes.

Se comezasemos por diferenciar unha primeira metade da década dos 90 –e creo que si é necesario facelo– deberíamos falar máis ben dun *clima preparatorio* para o que ía ser unha maior e máis intensa eclosión de novos poetas, xa na segunda metade da década. Pero naqueles primeiros 90 empezaban a xurdir algunhas voces novas no panorama da lírica galega, moitas delas debedoras dunha xeración tan brillante e cohesionada como a dos 80, outras en cambio xa disonantes con respecto a liñas poéticas anteriores. Quixera citar aquí algunha obra seguramente digna de poñer en relación con toda esta lenta ascensión dunha nova estética e á que sen embargo non se lle fixo demasiado caso, como *Persianas, pedramol e outros nervios* (Vigo: Alacrán, 1992), de Fran

Alonso. Tamén resultan de gran relevancia e influencia, ao meu modo de ver, a aparición dun par de voces cunha intensa marca de xénero, á vez que unha rechamante audacia formal, coherencia e *voz propia*: a de M^a Xosé Queizán, por un lado, que se estreia no 91 con *Metáfora da metáfora* (A Coruña: Espiral Maior), e a de Chus Pato, que o fai no mesmo ano con *Urania* (Editorial Calpurnia). Ambas serán figuras cruciais, máis sinaladamente respecto ao que pouco máis tarde constituirá unha eclosión de mulleres poetas, autoras de obras que en moitos casos achegarán unha poesía arriscada, substancialmente enriquecedora e xenericamente marcada. Por último, habería que ter en conta tamén a particular influencia dalgunhas poéticas non estrictamente novas pero si *vozes heterodoxas* dentro do seu marco xeracional, como podería ser o caso de Lois Pereiro ou Luisa Castro.

216

Pero dicíamos que pouco a pouco, e xunto á aparición de libros que en parte si recollían liñas líricas xa coñecidas, outras poéticas máis renovadoras ían preparando o terreo para a asunción, consolidación e manifestación desa nova estética. O grupo de novos autores, máis consolidado por tanto nos últimos 90, pouco a pouco vai vendo a luz editorial a través dos que van ser os novos piares da edición poética: por unha parte, os certames literarios, unha das máis socorridas saídas para poetas nobeis. En Galicia existiron un certo número de premios destinados a autores novos e sen libro publicado, que levaban aparellada a edición da obra; desgraciadamente estes premios tenderon, nos últimos anos, a desaparecer. Pero foi por exemplo o “Fermín Bouza Brey” o que fixo ver a luz ao primeiro poemario de Rafa Villar, dono dunha poesía que a crítica definiu como “minimalista”:

eu son de aquí

desta raíz de nogueira
que fende
o mar

desta carriza
orientada ao inverno

desta mera

son de aquí

sombra
dos días
que andei
tan
só

de aquí

lento veneno
na gorxa
e mortal

*os meus restos
son esta casa
de espellos
mudos
que me crean.*

(Rafa Villar, *Casa ou sombra*, Vigo: Xerais, 1997).

217

Por outro lado, estes serán anos fértiles para a creatividade e a iniciativa no campo da edición de autor, vía escollida por, entre outros, Celso Fernández Sanmartín para publicar un primeiro libro que non tiña título, pero que contiña unha poesía que en seguida chamou a atención da crítica pola súa sinxeleza e aparente inxenuidade expresiva, chegando a ser cualificada de *naif*:

somente soño
que me veñas buscar á casa
cun globo na mau
e que me digas: - toma
este globiño é para ti
quérote moito

(domingo das festas)

(Celso Fernández Sanmartín, –sen título–, Santiago de Compostela: 1995).

Xunto a isto, nacerán agora proxectos editoriais alternativos, como as artesanais carpetas de Edicións do Dragón (manuscritos fotocopiados sobre

material reciclado). Un dos responsábeis desta iniciativa hoxe desaparecida foi o poeta Paco Souto, autor de poemas coma este:

Deixa chegar a Morte
Si
que nos abra a carne
cos ferros do medo
que nos devore a boca
a inmensa agonia do silencio

Si trae-me a palabra
coa cabeza en bandexa de prata
o seu império vencido
a sua altiva ofensa
o seu delirio
si

Trae-me o verme si
O presaxio da terra nos ollos
A metáfora inédita si
O incesto

(Paco Souto, *As árbores do incesto*, A Coruña: Espiral Maior, 1995).

Pero o novo proxecto editorial de máis peso quizais no sistema literario galego actual chámase *Letras de Cal*. *Letras de Cal* é a iniciativa de dezaoito rapaces e rapazas (autores novos practicamente todos eles) que vían no circuío editorial galego un oco aínda por cubrir. Lanzáronse entón a montar unha cooperativa autoxestionada que funcionase de maneira asemblearia, perfectamente democrática, destinada a dar edición, basicamente, a *óperas primas*. Hoxe este proxecto é unha exitosa realidade con xa 10 libros no mercado, algúns deles esgotados, e cun último número homenaxe que constitúe unha das non moi abundantes antoloxías de autores dos 90. Libros coidados pero manexábeis, en tiradas de 450 exemplares e a baixo prezo, que coas súas vendas dan vida aos que virán. Unha das cabezas visíbeis desta inusual e feliz iniciativa é a moi premiada Marta Dacosta, responsábel dunha voz reflexiva e á vez dunha persoal renovación temática que atinxe a certa temática social, existencial, metapoética e outra moi singular e interesante (continuada por

outras mulleres poetas) de recuperación dos ancestros femininos, como se pode apreciar neste poema:

Hoxe estou en silencio xogando co pasado,
mentres vexo chegar andando a miña avó,
que aínda é tan pequena como eu a recordo
e segue alí no vello paseo Afonso XII.
Eran cen escaleiras as que nos separaban,
o mundo da cidade vencido de ruídos
e a praciña de pedra en que aínda hai un pozo
ou a casa pequena da indomable Manuela.
Recupero a memoria de Pepa silenciada
pola peste da gripe cando empezaba o século,
e o misterio da vida en garrafas de barro
e algodón por Gonzalo, que naceu a destempo.
Recupero a friaxe e o sal do mar na noite
e a chalana afogada na outra beira da ría,
á miña nai tirando carbón desde a bufarda
ou atada a unha silla de falar *castellano*.
E eu sinto que son hoxe tantas que entón me foron,
Saladina, Manueliña, Rosa ou tamén Pepa,
e a mesma Teresa que nos fala incansable
mentres o tempo vai rodando pola tarde.

(Marta Dacosta, *Setembro*, Vigo: Galaxia, 1998).

Outra posibilidade dána as clásicas “revistas literarias”, entre as que cabería citar *Festa da Palabra Silenciada*, *A Xanela*, *AR!*, *Luzes de Galiza*, *O Mono da Tinta*, *Ólisbos*, ou *Dorna*, revista de non curta andaina, vinculada á Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que nos deu a posibilidade de nos asomar aos primeiros versos dunha poeta que achegaría nas épocas máis recentes un discurso fresco, persoalísimo e dun culturalismo e unha multiplicidade de referencias admirabelmente integradas, todo iso aderezado cunha miga de ironía e sentido lúdico. Falo de María do Cebreiro:

Triunfal cursus honorum ou turbia traxectoria persoal
pero xa nunca dante, nin centro do camiño,
porque os que paseamos por aquí
frecuentamos lugares pouco amenos,
rexeitamos o mundo, o tempo foxe

e collemos o día coas nosas mans baleiras.
Somos menos felices que beatos e, desgraciadamente,
bastante menos áureos que mediocres.

(María do Cebreiro, *O estadio do espello*, Vigo: Xerais, 1998).

Pero xunto a estas revistas máis canónicas como as que acabamos de mencionar, crecerán modalidades máis novidasas como fanzines, follas voandeiras, boletíns poéticos, etc., que en moitas ocasións se erixirán en voceiros dos novos “colectivos poéticos”, outro dos fenómenos máis en auxe ao final deste século. Estes grupos poéticos, moi en consonancia coa ética do momento e cunha especie de *sentido do colectivo*, van facer que mozos cunhas inquietudes semellantes se unan ao redor da poesía pero sempre cunha constante: carecen dunha poética grupal, excepto no caso de *Ronseltz*. Non renunciarei, sen embargo, a ler un dos poemas aparecidos no único libro deste colectivo xa desaparecido, dada a singularidade e rebeldía que os seus versos nos trouxeron:

Neotrovadorismo (IV)

220

Ondas do mar de Vigo
se vistes meu amigo:
que marchei.

(Ronseltz, *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, Santiago de Compostela: Positivas: 1994).

Colectivos poéticos pois, como dicía e a excepción deste, sempre carentes dunha poética común pero si moi unidos na vertente externa que rodea a poesía, é dicir, á hora de mobilizarse para comunicar, de crear iniciativas capaces de levar a poesía a todos os recantos. Así pois: claro individualismo na intimidade da propia obra, pero activismo colectivo no momento de canalizar a forma de expresión desta. Esta vai ser a metáfora que defina a toda a nova xeración poética galega: unidos na acción, distantes na poética.

E un dos colectivos que mellor exemplifica o que vimos comentando, constituíndo ademais o de maior número e diversidade de integrantes á vez que o máis activo e coñecido de todos, é o *Batallón Literario da Costa da Morte*,

vinculado á citada zona xeográfica, que está parecendo despuntar como unha das máis seguras canteiras de futuros poetas. Poderíamos establecer así outros enclaves xeográficos “de maior actividade poética” xunto aos respectivos grupos poéticos canalizadores de dita actividade, e así teríamos a zona do Salnés con *Santa Compañía* e *Sete naos*, Compostela con *Serán Vencello*, etc. Pero dicíamos que o de maior intensidade no seu labor de animación socio-cultural era o *Batallón Literario da Costa da Morte*, e a el pertence outro dos poetas que máis deu que falar nos últimos anos, Estevo Creus, autor duns versos neosurrealistas, cualificados de “politicamente incorrectos”, cheos de tenrura:

Quéroa

para min que me sabe a nata con améndoas, sábeme ós domingos pouco a pouco e sempre me merca algún xelado. Quéroa porque me lembra a auga e sabe masturbar-me, e aínda que sexa dende moi lonxe...

non infindo

onda súa primeira dolor cando era nena.

Para min que non podoo vivir se ela me falta algún domingo; por iso merquei un vestido de pallaso, e me esculpín no pene un elefante, e consultei na biblioteca o libro da felicidade, e vendín todos os meus cartos para comprarlle o sol que se vende detrás dos inmobles

ó norte da marea

e as outras fotografías dun estanco.

(Estevo Creus, *Poemas da cidade oculta*, Vigo: Xerais: 1996).

Así pois, o activismo poético, outro dos fenómenos máis rechamantes da última poesía galega, vai tratar de buscar novos ámbitos e crear novos públicos para a lírica. E máis concretamente vaino facer a través desa volta ao recital poético como fórmula de comunicación da propia obra. É a nova ética que acompaña á nova estética. Trátase de comunicación directa co público, de palabra viva *in situ*, de romper vellos tópicos sobre torres de marfil e levar a poesía aos pubs, aos colexios, aos bares, aos palcos das feiras das vilas, tamén xunto ás universidades, ás asociacións culturais ou aos concellos. E unha poeta que gritou os seus versos ao longo dun sinnúmero de recitais foi Lupe Gómez, quen co seu polémico *Pornografía* (1995), publicado en edición de autora e

hoxe esgotado das librerías, iniciou unha andaina revolucionaria, antilírica e ás veces crúa e descarnada:

Creo no sexo
como as nenas
cren en algo santo.

(Lupe Gómez, *Os teus dedos na miña braga con regra*, Vigo: Xerais, 1999).

222 E é que outro dos feitos que máis vai chamar a atención nos anos 90, máxime quizais por contraste con anteriores ausencias, é a chamada “eclosión” de mulleres poetas. A crecente incorporación da muller a todos os ámbitos da vida, nomeadamente á de ámbito público, faise máis notábel dende o momento en que boa parte da crítica chega a declarar que as maiores achegas da década en materia poética veñen precisamente da man das mulleres. Dende o meu punto de vista, e se ben é certo que son elas as responsábeis das poéticas máis arriscadas e de persoalísimas apostas persoais, preferiría que non se alimentase ese tal vez vacuo entusiasmo con “o fenómeno” tomándoo así, simplemente como fenómeno, chegando a *meter nun mesmo saco*-ghetto (“poesía de muller”) ás diferentes autoras, donas de interesantes propostas poéticas que deben ser consideradas e valoradas en si mesmas, e non en relación ao feito da autoría feminina. Unha destas interesantes propostas, dun radical intimismo e unha linguaxe poética marcadamente propia e aínda tendente á autorreferencia, é a da poeta Emma Couceiro, autora de versos como estes:

Vivimos nunha casa de mentira.
Somos de trapo no seu ventre disecado,
trapecionistas
ensaizando un futuro malabar.

Respira e dilata túneles,
cárcere rítmica de paredes e portas
que doe atravesar como bocas desertas para o silencio.
Paseamos en pixama
tomando notas a todas horas
coas mans cheas de tinta

sen voz.

(Emma Couceiro, *Humidosas*, A Coruña: Espiral Maior, 1997).

E en non poucos casos, ademais, as poéticas femininas incorren de forma fascinantemente renovadora nunha concreta temática: a do erotismo. A vivencia do propio corpo, do amor e do sexo, aparecen xenericamente marcadas e arroupadas por un revestimento formal innovador, como xa puidemos ver en Lupe Gómez. Outra das abandeiradas deste novo tratamento do erotismo vai fusionalo coa experiencia telúrica, vehiculándoo a través dunha ubérrima expresión que non rexeita o dialectalismo. É a persoalísima e interesante proposta de Olga Novo:

crónica primeira

de cómo fun cuarto crecente
e cheguei aquí descalza e enloueirada
de cómo me fluín por demoras de corpos
desvariada
de cómo rotei envolta en fentos dos proscritos
e de cómo a ocupación dos equinoccios.
de cómo medrei das carballeiras,
de cómo fun capaz de tanta barcarola
e de cómo concibín a revolución nos vosos ventres.

223

e é que eu son á vida
o que a lava ó volcán.

(Olga Novo, *Nós nus*, Vigo: Xerais, 1997).

Todos estes fenómenos son os que vai traer aparelados a nova xeración poética galega, consolidada tamén gracias a un certo interese por parte da prensa e demais medios de comunicación, por acaparar unha parte dos premios literarios en xeral e por un certo espacio editorial –crecente– dende as editoriais de prestixio, e alimentada tamén por alguna polémica xurdida dalgún foro e máis tarde magnificada nos medios. Hai que engadir aquí outras características externas que rodean a última promoción de poetas galegos, como é o feito de que estes contasen xa cun contacto directo coa lingua galega dende os niveis máis básicos do ensino, á vez que con toda a literatura galega como base de referencia. Resultará lóxico que este máis amplo coñecemento lingüístico teña consecuencias nos textos.

E ata aquí o noso repaso de todo o contexto que envolve a última poesía galega, accidentes comúns a uns autores que alcanzan enormes diferencias entre si á hora de falar de obras poéticas propiamente ditas. A última xeración da lírica galega carece dunha liña poética dominante e incorre nunha rechamante e rica heteroxeneidade. De aí que pareza que haxa que apuntar máis ben como única característica común, de maneira paradoxal, precisamente a esa fértil diversidade nas propostas. De todos modos, se fixesemos un esforzo de síntese non exento de caer no simplismo, poderíamos falar dunha certa volta á expresión máis directa, a un intimismo de ton vivencial que gusta do detalle cotián e a anécdota persoal, unha fuxida en xeral da ampulosidade formal doutras épocas, incursións por un lado en certa narratividade, e por outro nunha recuperada oralidade que xustifica o recital como fórmula e os dialectalismos, vulgarismos, etc., como forma (busca de espontaneidade), un ton máis realista que ás veces cae no “realismo sucio” e aínda no antilirismo, unha naturalidade apaixonada e unha maior moderación expresiva, ás veces minimalista. Esbozos estes demasiado xerais e capaces de encontrar excepcións sen moita dificultade. Os temas continuarán sendo os mesmos, xunto ás achegas das renovadoras autoras femininas, un notabelmente maior cultivo da metapoética e unha certa recuperación das temáticas sociais, hoxe vistas dende novas ópticas máis acordes coa época (antimilitarismo, insumisión en xeral, ecologismo, independentismo, solidariedade con causas políticas afíns, etc.).

Unha fértil pluralidade estética que parece facer pouco factíbel o establecemento dun modelo uniforme, tal e como ocorre no caso doutras literaturas xeograficamente próximas. En tempos de globalización e mestizaxe, esta heteroxeneidade virá erixirse en lexítima impronta dunhas obras con achegas e calidade literaria que continuarán dando que falar nos anos vindeiros.

Yolanda Castaño